

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2008 10:52  
Nº Rexistro: 26414  
Data envío: 22/01/2008 10:52:37.934

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo e Manuel Parga Núñez**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa á ensinanza de idiomas na comarca do Barbanza.

A adquisición de competencia lingüística en diferentes idiomas resulta cada vez un ámbito máis importante na formación das persoas, tanto desde a perspectiva de cumprir con expectativas persoais, como á hora de acadar un mellor curriculum que permita unha mellor inserción laboral. Neste sentido o Goberno galego ten feito importantes esforzos por mellorar a oferta neste ámbito, tanto no referente ao ensino obrigatorio como na oferta destas ensinanzas a través das escolas oficiais de idiomas.

Segundo a publicación da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2007-2008*, na Galiza hai unha oferta de estudar 9 idiomas a través das escolas oficiais. Segundo estes datos no curso 2006-2007 matriculáronse un total de 23.388 persoas e mantíñanse unhas estimacións para o curso 2007-2008 de 24.249. Isto da conta da demanda existente na sociedade galega para o estudo de idiomas. Ampliar e mellorar a ensinanza de idiomas debe ser pois un obxectivo permanente da Consellaría de Educación, así como, achegar o máximo posíbel este servizo ao conxunto dos galegos e galegas.

Como complemento a esta formación a través das Escolas Oficiais de Idiomas existía un Plan Experimental de Potenciación de Linguas Estranxeiras que posibilitaba esta oferta a través dos IES. O actual goberno reformulou este Plan a través dunha orde



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que regula o Programa Cuale. Mais esta formación está limitada ao alumnado escolarizado nos centros de ensino nos que se imparte e non conta cunha oferta ampla de idiomas, como no caso das escolas oficiais de idiomas.

Neste senso, parece oportuno destacar a necesidade de achegar á comarca do Barbanza a oferta de ensinanza de idiomas dunha maneira estábel e para toda a poboación. Un feito que pasa por dar os pasos necesarios para que se conte cunha Escola Oficial de Idiomas de ámbito comarcal, que cubra este ámbito formativo, cuxa demanda cada vez medra máis na nosa sociedade.

Polo dito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.<sup>a</sup>) Ten previsto a Consellaría de Educación ofertar ensinanzas de idiomas no ámbito da comarca da Barbanza?
- 2.<sup>a</sup>) Existe algunha planificación de cara a criar unha Escola Oficial de Idiomas no ámbito da comarca da Barbanza? En caso afirmativo, en que prazos e con que oferta? En caso negativo, que motiva esa posición?


Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2008.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Manuel Parga Núñez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2008 10:52**  
**Nº Rexistro: 26414**  
Data envío: 22/01/2008 10:52:37.934

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 22/01/2008 10:35:54**

**Manuel Parga Núñez na data 22/01/2008 10:36:15**